

Memoria de Actividades 2015

FEGADACE
FEDERACIÓN }
GALEGA DE }
DANO CEREBRAL }

Índice

1.	Información institucional	3
A.	Asociacións federadas	3
B.	Xunta Directiva	4
C.	Equipo profesional	4
2.	Incidencia	4
A.	Entidades de segundo nivel.....	5
I.	FEDACE	5
II.	CERMI Galicia	5
III.	EAPN Galicia	6
B.	Institucións públicas.....	7
I.	Xuntanzas	7
II.	Grupos de traballo.....	7
III.	Comparecencia no Parlamento de Galicia	8
C.	Outras entidades e organizacións	8
3.	Proxectos.....	9
A.	Convenio nominativo coa Consellería de Política Social.....	9
I.	Atención ambulatoria, rehabilitación funcional e inclusión social de persoas con DCA 10	
II.	Información e asesoramento a familias.....	11
III.	Mantemento da Federación e das entidades federadas	12
B.	Fortalecemento institucional	17
I.	Cooperación para a promoción do emprego	17
II.	Más Social.....	17
III.	Especialización en financiamento comunitario.....	18
C.	Prevención do DCA.....	18
I.	Ictus, a principal causa do dano cerebral	18
D.	Formación.....	19
I.	Obradoiros de coidados e recursos para as persoas con dano cerebral	19
4.	Comunicación e sensibilización	20
A.	II Torneo de Pádel Solidario	20
B.	Dona	20
C.	Giving Tuesday	21
D.	Medios de comunicación	21

E.	Presenza en internet	22
I.	Páxina web	22
II.	Boletín 'Actualidade do DCA'	23
III.	Redes sociais	23
5.	Rendición de contas	27
A.	Informe de Gastos	27
B.	Informe de ingresos e relación de cobros 2015-2016.....	27
C.	Conta de resultados	28
D.	Balance de situación.....	29

1. INFORMACIÓN INSTITUCIONAL

A Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) constitúese en maio de 2007 polas cinco asociacións galegas de dano cerebral adquirido (DCA). FEGADACE persegue a defensa dos intereses e a mellora da calidade de vida dos galegos e galegas con dano cerebral adquirido e dos seus familiares. Pretende sensibilizar á sociedade en xeral con respecto á dimensión desta discapacidade, implicar ás institucións e cantas iniciativas se dirixan a resolver os retos da rehabilitación, inclusión e normalización social do colectivo.

FEGADACE está declarada Asociación de Utilidade Pública desde o 20 decembro de 2013.

O presente documento constitúe un resumo de todos os proxectos, programas e actividades desenvolvidas en 2015 pola Federación Galega de Dano Cerebral, así como un reconto das accións destinadas a incrementar a incidencia social de FEGADACE co obxectivo de posicionar a problemática das familias e persoas con DCA como unha prioridade para as institucións galegas e como unha causa de importancia para o conxunto da poboación.

A. Asociacións federadas

As asociacións membro de FEGADACE son as cinco entidades fundadoras da Federación, con sede na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Xuntas reúnen un total de 1.307 familias socias.



Asociación de Dano Cerebral de A Coruña
As Xubias de Arriba, 15
15006 A Coruña

981 240 899
adaceco@adaceco.org
www.adaceco.org
437 socios/as



Asociación de Dano Cerebral de Lugo
Avda. Carlos Azcárraga, 4,
Local B
27003 Lugo

982 243 503
correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org
171 socios/as



Asociación de Dano Cerebral de Vigo
Rúa Pedra Seixa,
s/n (Navia)
36212 Vigo

986 229 069
info@alento.org
www.alento.org
296 socios/as



Asociación de Dano Cerebral de Ourense
Rúa Farixa, 7,
Baixo
32005 Ourense

988 225 056
renacerourense@hotmail.com
www.renacer.org
95 socios/as



Asociación de Dano Cerebral de Compostela
Rúa Pedro Cabezas
González, 3
15702 Santiago de Compostela

981 577 037
sarela@sarela.org
www.sarela.org
308 socios/as

Para establecer as liñas de traballo, coordinar as accións a desenvolver, fortalecer o coñecemento mutuo e poñer en común as culturas das cinco asociacións, FEGADACE organizou xuntanzas a diferentes niveis:

Organismo	Nº xuntanzas	Notas
Asemblea Xeral	2	Asemblea Xeral Ordinaria. 25/04/2015 (Vigo) Asemblea Xeral Extraordinaria [cambio na Xunta Directiva]. 25/04/2015 (Vigo)
Xunta Directiva	4	
Directores/as	1	
Equipos profesionais	1	Logopedas. 06/11/2015 (Compostela)

B. Xunta Directiva

A Xunta Directiva de FEGADACE está composta por cinco persoas, representantes de cada unha das asociacións federadas:

- **José Balboa Ayán.** Presidente (Sarela).
- **Luisa Ramírez Nisa.** Vicepresidenta (ADACECO).
- **Fidel Castro Rodríguez.** Secretario (Alento).
- **Manuel Juan Vázquez Moure.** Tesoureiro (Renacer).
- **Fernando Galdo Rego.** Vogal (ADACE Lugo). Vogal desde o mes de abril, tralo cesamento de María Elena Salgado López.

C. Equipo profesional

Coordinación técnica	Lucía Mendoza, coordinadora	
Área administrativa, laboral e contable	Carmen Pereiro, auxiliar administrativa (ata marzo de 2015) Elián Sanín, auxiliar administrativa (dende marzo de 2015) Cristina Balagones, técnica de proxectos e captación de fondos (dende decembro de 2015)	
Área de comunicación	Irene Cancelas, técnica de comunicación	
Comité de desenvolvemento específico	Persoal técnico das entidades federadas	
Comité de direccións das asociacións federadas	ADACECO	Inés Ramos (ata maio) Natalia de Llano (dende xuño)
	ADACE Lugo	Vanesa Mariño (ata outubro) Iria Abel (dende outubro)
	Alento	Gonzalo Mira
	Renacer	Noelia Luque
	Sarela	Rocío García

2. INCIDENCIA

A misión de FEGADACE inclúe a defensa dos dereitos das persoas con DCA en Galicia. Con ese fin, unha das áreas de traballo fundamentais para a Federación é a de representatividade e incidencia política, canalizando as demandas do colectivo de persoas e familias con dano

cerebral perante a Administración, as institucións públicas e tamén os grupos políticos. Os fins da Federación tamén pasan por sensibilizar á sociedade en xeral con respecto á dimensión do DCA; de aí o interese en articular relacións con colectivos representantes de outros ámbitos sociais e/ou confederacións do campo do Terceiro Sector, estendendo a causa do dano cerebral e obtendo apoio para a mesma.

A. Entidades de segundo nivel

I. FEDACE

A Federación Española de Dano Cerebral (FEDACE) reúne 37 asociacións de familias e persoas con DCA a nivel estatal, e está integrada na BIF (Federación Europea de Dano Cerebral). FEGADACE colaborou a diferentes niveis ao longo de 2015:

- **Xunta Directiva.** Un membro de FEGADACE, Luciano Fernández (Sarela) forma parte da Xunta Directiva de FEDACE como tesoureiro.
- **Asemblea.** Celebrada en Madrid o 20 de xuño. Asiste Lucía Mendoza.
- **GRES (Grupo de Reflexión Estratégica sobre DCA).** O groso do seu traballo desenvolveuse en 2014, pero a última xuntanza tivo lugar o 30 de xaneiro de 2015. O resultado foi a elaboración dunha análise DAFO e do Documento político do DCA que se deu en titular ‘Demandas para a atención e inclusión das persoas con dano cerebral adquirido (para propoñer aos partidos políticos a súa inclusión nos programas electorais nas próximas convocatorias)’. Participa a coordinadora, Lucía Mendoza.
- **Reunión de planificación do 20 Aniversario.** FEDACE conmemorou os seus vinte anos de historia en 2015. Celebrounos cunha serie de ‘Encontros polo DCA’ que se celebraron en Sevilla, Madrid e Santiago de Compostela. O 2 de xuño celebrouse na CABES unha xuntanza de preparación do encontro compostelán con persoal de FEDACE, de FEGADACE, e das cinco asociacións galegas.
- **Encuentro polo DCA.** FEGADACE e as súas asociacións colaboraron na organización do terceiro ‘Encuentro polo DCA’ do ano. O encontro, celebrado na Cidade da Cultura (Santiago de Compostela) o 28 de novembro, dedicouse a falar sobre ‘Proxectos de vida: promoción da autonomía persoal e inclusión social das persoas con DCA’. Ademais de aportar o groso de asistentes, as asociacións e a Federación galega colaboraron na loxística e promoción do evento, así como nos contidos, con tres ponencias (de Alento, Renacer e Sarela) sobre autonomía persoal e inclusión social.

II. CERMI Galicia

O CERMI Galicia (Comité Estatal de Representantes de Persoas con Discapacidade) é unha plataforma unitaria para a defensa e recoñecemento institucional das persoas con discapacidade. Está composto pola ONCE, FADEMG, COGAMI, FEAFES, Down - Galicia, Autismo Galicia, Federación de Asociacións de Persoas Xordas, FAGAL e ASPACE Galicia, ademais de FEGADACE. A participación en 2015 da Federación Galega de Dano Cerebral foi a seguinte:

- **ILP ‘Non ao copagamento confiscatorio’.** Campaña ‘Afirma os teus dereitos, asina contra o copagamento confiscatorio’, destinada á recollida de sinaturas en apoio á Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para a reforma da Lei de Dependencia e o establecemento de criterios claros e xustos en relación coa capacidade económica e coa participación no custo das prestacións por parte das persoas beneficiarias impulsada polo CERMI Estatal. Lucía Mendoza e Irene Cancelas asisten á presentación en Compostela o 25 de febreiro. A campaña superou o seu obxectivo de obtención de 500.000 sinaturas en xullo. FEGADACE colocou unha mesa de recollida de sinaturas na tarde do 23 de xullo (Praza do Toural, Santiago de Compostela). Tamén estivo recollendo apoios na súa sede ata a data de peche da campaña.
- **Comité Executivo.** 3 xuntanzas, ás que asistiron José Balboa e Lucía Mendoza.
- **Asemblea Xeral.** 2 xuntanzas: Asemblea ordinaria (01/07/2015) e Asemblea Extraordinaria (07/07/2015).
- **Xuntanzas extraordinarias.** Reunión para a definición de emendas no marco do documento do Plan Operativo do Fondo Social Europeo (30/03/2015) e reunión para Alegacións sobre a Planificación (06/04/2015). Asistiu Lucía Mendoza.
- **Comisión de Discapacidade Adquirida do CERMI Estatal.** Comisión específica para discapacidades adquiridas do CERMI Estatal que tivo como finalidade a elaboración dun Informe sobre Discapacidade Adquirida. Este inclúe unha relación dos tipos e características de discapacidades adquiridas e propostas de actuación concretas referidas ás áreas de traballo de diferentes Ministerios (Sanidade, Servizos Sociais, Educación, Medio Ambiente, Industria, Xustiza...) aos que, unha vez aprobado, se remitirá o documento. Participou a coordinadora de FEGADACE, Lucía Mendoza. 1 xuntanza (vía Skype).
- **Comisión de Educación.** Asistiu Lucía Mendoza. 1 xuntanza.

III. EAPN Galicia

EAPN Galicia (Rede Galega de Loita contra a Pobreza, sucursal da European Anti Poverty Network), instrumento de incidencia e interlocución política para a loita contra a pobreza e a exclusión social.

- **Asemblea Xeral.** 06/02/15 (asisten Lucía Mendoza e Irene Cancelas) e 19/06/15 (asiste Lucía Mendoza).
- **Grupo de comunicación.** O grupo ten como obxectivo a organización de actividades e campañas destinadas á incidencia política a través dos medios de comunicación en torno ás causas comúns das entidades de EAPN. Elaboración dunha ‘Guía de estilo para profesionais da comunicación sobre Pobreza, vulnerabilidade e voluntariado’ e dun ‘Código de conduta na comunicación sobre pobreza e exclusión social’ que se presentaron aos medios e a cargos da Consellería de Política Social. 2 xuntanzas (unha delas por skype).
- **Comisión de Fondos Europeos.** Xuntanza na sede de EAPN Galicia coa comisión de traballo da mesma entidade. A xuntanza tivo un eixo formativo, no que se avaliaron de actividades de formación en financiamento comunitario realizadas e estudáronse novas posibilidades de cursos e seminarios. O outro eixo foi máis específico, co estudo de liñas de financiamento concretas a través do fondo de Garantía Xuvenil, as actuacións da

Consellería de Facenda e os Grupos Desenvolvemento Rural (FEADER). Asistiu Lucía Mendoza. 1 xuntanza.

- **Reunión presentación campaña eleccións municipais EAPN.** A campaña Concellos ao servizo das persoas' desenvolveuse simultaneamente á campaña electoral das eleccións municipais e consistiu, basicamente, na difusión de datos sobre pobreza e reparto de fondos para fins sociais nos concellos máis grandes de Galicia. Asistiu Irene Cancelas.
- **Día Contra a Pobreza.** EAPN Galicia, CERMI Galicia, a Coordinara Galega de ONGD e a Valedora do Pobo, Milagros Otero, organizaron un acto conmemorativo o día 16 de outubro. Nel presentáronse os principais desafíos na loita contra a pobreza e a exclusión e leuse o manifesto 'As persoas primeiro: as palabras non chegan. Queremos compromisos!' (elaborado coas conclusións dos Encontros de Cidadanía Inclusiva e Participación). Asistiu a coordinadora de FEGADACE.
- **V Foro de Pobreza e Exclusión social + II Ágora do 3º sector.** V Foro de Pobreza e Exclusión Social de EAPN Galicia, que inclúe II Ágora do 3º sector. O lema do foro foi 'Compromiso, coordinación, causas e oportunidades para unha inclusión activa'. Participaron o presidente de EAPN España (cunha conferencia sobre 'Problemas e retos na loita contra a pobreza e a exclusión social en España') e o Director Técnico de Acceso a los Servicios Sociales da Junta Castilla y León (sobre 'Claves para unha coordinación efectiva entre administracións e organizacións sociais'). Houbo, ao final, unha mesa redonda sobre 'Compromiso e coordinación na loita contra a pobreza?', antes de dar paso á Ágora. Asistiu a coordinadora de FEGADACE.

B. Institucións públicas

I. Xuntanzas

- Reunións coa primeiro Secretaria Xeral de Política Social e despois Directora Xeral de Maiores e Persoas Discapacidade, Coro Piñeiro: 6 (febreiro, abril, setembro, novembro).
- Reunións coa subdirectora xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna, M^a del Carmen Calviño Rodríguez: 2 (abril, xullo).
- Reunións coa Subdirectora Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia, Carmen Orgeira: 1 (xullo).
- Xuntanzas coa Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, ou co Conselleiro de Política Social, José Manuel Rey: 4 (setembro, outubro, novembro, decembro).
- Xuntanzas co presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo: 1, con motivo do Día da Discapacidade.
- Xuntanzas co Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez: 1, con motivo do Día da Discapacidade.

II. Grupos de traballo

- **Grupo de traballo sobre criterios de reparto do convenio** (CERMI Galicia – Consellería de Traballo e Benestar). Grupo de traballo integrado por representantes da Secretaría

Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar e de todas as entidades membro do CERMI Galicia para o establecemento dun consenso sobre os criterios de reparto da partida orzamentaria destinado á atención ás persoas con discapacidade por parte da Xunta de Galicia. A coordinadora de FEGADACE mantivo unha xuntanza semanal co grupo entre os meses de marzo e xullo; foron un total de 16 xuntanzas.

- **Consello Asesor de Pacientes / Plataforma É-Saúde.** Organismo consultivo no que se avalían diferentes publicacións, iniciativas e actuacións relacionadas coa sanidade en Galicia: avaliación documental, detección de necesidades formativas, Hospital Álvaro Cunqueiro, Lei 12/2013: de garantías de prestacións sanitarias (libre elección de médico de familia, de profesional de enfermaría e de hospital) e Semana Europea da Calidade. A plataforma online É-Saúde ten como obxectivo a mellora da alfabetización sanitaria; Lucía Mendoza participou en obradoiros para a realización de propostas e a corrección dos materiais elaborados. 5 xuntanzas.
- **Grupo de traballo Plan de Discapacidade** (Consellería de Traballo e Benestar). Grupo de traballo constituído por representantes da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar, das entidades membro do CERMI Galicia e dos colexios profesionais de Educación Social, Psicoloxía e Traballo Social para a elaboración da Estratexia Galega de Discapacidade 2015-2020. O documento resultante publicouse ao final de 2015. A coordinadora de FEGADACE asistiu a unha serie de xuntanzas semanais desde marzo ata xuño, ás que engadiu outros contactos posteriores para a revisión e validación do documento final. 11 xuntanzas.

III. Comparecencia no Parlamento de Galicia

Fidel Castro, secretario e portavoz de FEGADACE, compareceu o 28 de xaneiro en representación da Federación perante a 'Comisión non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade' do Parlamento de Galicia. Realizou unha panorámica da situación das persoas con DCA en Galicia, presentou a realidade das asociacións de dano cerebral e expuxo as principais demandas e reivindicacións do colectivo.

C. Outras entidades e organizacións

- **X Solidaria.** FEGADACE colaborou coas entidades do terceiro sector galego representadas por EAPN-Galicia, CERMI-Galicia e a Coordinadora Galega de ONGD na campaña en favor da asignación do 0'7% do IRPF ao recadro de Fins Sociais (actualmente denominado Actividades de Interese Xeral consideradas de Interese Social). Realizouse unha xuntanza de planificación (05/04/2015), unha rolda de prensa o (15/04/2015) e unha campaña coordinada de axitación nas redes sociais ata finais de xuño.
- **CIDEC** (Cidadanía e Educomunicación: vulnerabilidade mediática, capacitación comunicativa e desenvolvemento nas comunidades locais e en grupos de atención social prioritaria). CIDEC persegue analizar a forma na que os medios de comunicación informan sobre grupos de atención social prioritaria (persoas con discapacidade, mulleres, migrantes e infancia/xuventude) co obxectivo de crear un Índice de

Vulnerabilidade Social para a prensa, que recolla unha serie de indicadores sobre tratamento mediático deses colectivos en risco de exclusión. 4 xuntanzas, ás que asistiu Irene Cancelas. Grazas á colaboración con este proxecto Alentou acolleu un obradoiro sobre Mediabiografía para as súas persoas usuarias e as de COGAMI Mos coa profesora Virgina Villaplana, onde reflexionaron sobre a percepción que teñen das súas discapacidades realizando unha construción do seu relato vital a través da imaxe.

- **Sociedade Galega de Neuroloxía.** Os presidentes da Sociedade Galega de Neuroloxía (SGN), Miguel Llana, e de FEGADACE, José Balboa, asinaron (10/07/2015) un convenio de colaboración que ten como obxectivo desenvolver campañas e actividades conxuntas de sensibilización para a prevención do dano cerebral adquirido (DCA), así como traballar en accións coordinadas de investigación e desenvolvemento sobre os asuntos comúns ás dúas entidades, e que ten unha vixencia de tres anos.
- **Confederación de Empresariado de Galicia (CEG).** Reunión informativa sobre liñas de convocatoria Erasmus. Asistiu Lucía Mendoza. 1 xuntanza.
- **Grupo Parlamentario Popular.** Xuntanza do grupo do PP no Parlamento de Galicia co CERMI Galicia para tratar o tema do Concerto Social. Asiste a coordinadora de FEGADACE. 2 xuntanzas.
- **PSdG-PSOE.** Reunión en Compostela con Pilar Cancela Rodríguez, Secretaria de Organización e candidata nº1 ao Congreso pola provincia da Coruña, Eva Martínez Montero, Secretaria de Igualdade, e Gonzalo Diz Álvarez, tamén candidato ao Congreso, para a presentación do Programa de Movements Sociais, Dereitos e Liberdades do PSdG-PSOE. Asistiron distintas entidades sociais, varias do sector da discapacidade, FEGADACE entre elas. Participa a coordinadora de FEGADACE. 1 xuntanza.
- **CITIUS.** Grupo de investigación da USC que desenvolve proxectos relacionados co procesamento de datos. Asesoramento para a formulación das posibilidades de explotación de datos dun futuro estudo sobre a incidencia do DCA. Asiste Lucía Mendoza. 1 xuntanza.
- **Red Menni de Dano Cerebral.** 1 xuntanza.
- **Teresa Cendón** (Concelleira do PP en Vigo) . 1 xuntanza.
- **Miguel Santalices** (Vicepresidente do Parlamento de Galicia). 1 xuntanza.

3. PROXECTOS

A. Convenio nominativo coa Consellería de Política Social

Denominación: Programa de promoción da autonomía persoal e de recuperación funcional das persoas afectadas de dano cerebral adquirido en situación de dependencia e ás súas familias a través de atención ambulatoria nas cidade da Coruña, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo e que implica o desenvolvemento de actividades nas áreas terapéutica, ocupacional e social.

Denominación: Programa de información e asesoramento a familias no ámbito da comunidade autónoma de Galicia dando especial atención á muller con discapacidade embarazada e ás súas familias, en cumprimento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, polo que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.

Organismo: Consellería de Política Social. Xunta de Galicia

Período: Xaneiro – decembro 2015

Importe: 167.714 euros

I. Atención ambulatoria, rehabilitación funcional e inclusión social de persoas con DCA

O programa de atención ambulatoria, de rehabilitación funcional e inclusión social de persoas con dano cerebral adquirido ten dúas vertentes: unha centrada de xeito máis específico na recuperación e/ou mantemento das persoas con DCA, e outra ideada para mellorar o benestar das súas familias. Ambos programas teñen como sede as cinco asociacións membro de FEGADACE. O seu obxectivo é deseñar e executar un programa de atención integral a persoas con DCA e as súas familias.

- **Terapia Ocupacional.**

Servizo de terapia ocupacional destinado á rehabilitación funcional da persoa con DCA desenvolvido nas sedes de ADACE, ADACECO, Alento e Renacer. Inclúe atención individual e actividades e obradoiros grupais, como por exemplo piscina, destreza manipulativa, Actividades Básicas da Vida Diaria, habilidades sociais, musicoterapia, colaboración coa sociedade protectora de animais, xogo virtual, implicación solidaria, obradoiro de cociña, obradoiro de coiro, obradoiro artístico, obradoiro de cestería, horta, obradoiro de habilidades para a vida diaria, obradoiro de pintura, obradoiro de barro, obradoiro téxtil, etc.

	ATENCIÓN INDIVIDUAL		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
ADACE Lugo	46	50	96
ADACECO	309	194	503
Alento	155	56	211
Renacer	111	51	162
Sarela	45	66	111
TOTAL	666	417	1.083

- **Fisioterapia.**

Servizo de fisioterapia destinado á rehabilitación funcional da persoa con DCA desenvolvido nas sedes de ADACE, ADACECO, Alento, Renacer e Sarela. Na súa maioría trátase de tratamentos individuais, aínda que tamén se desenvolven algunhas actividades grupais como psicomotricidade, ximnasio e boccia.

	ATENCIÓN INDIVIDUAL		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
ADACE Lugo	116	79	195
ADACECO	353	208	561
Alento	105	27	132
Renacer	118	56	174
Sarela	250	187	437
TOTAL	942	557	1.499

- **Logopedia.**

Servizo de logopedia destinado á rehabilitación funcional da persoa con DCA desenvolvido nas sedes de ADACE, Alento e Sarela. Está centrado en sesións individuais, aínda que tamén se realizan algunhas actividades grupais desde unha perspectiva lúdica.

	ATENCIÓN INDIVIDUAL		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
ADACE Lugo	136	112	248
Alento	240	59	299
Sarela	59	37	96
TOTAL	435	208	643

- **Lecer e tempo libre.**

Actividades de lecer e tempo libre para persoas con DCA, que teñen como obxectivo a promoción da autonomía persoal e a inclusión social dentro do ámbito comunitario desenvolvido na sede de ADACECO. Inclúe obradoiros, asistencia a eventos socioculturais e outras actividades.

	ATENCIÓN INDIVIDUAL		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
ADACECO	92	45	137
TOTAL	92	45	137

- **Traballo con familias.**

Servizo de traballo con familias de persoas con DCA: actividades destinadas ao coidado das persoas coidadoras e á súa formación e capacitación para esta ocupación desenvolvido nas sedes de ADACE, Renacer e Sarela. Tamén inclúe atención individual, terapia de grupo, obradoiros e banco de tempo.

	ATENCIÓN INDIVIDUAL		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
ADACE Lugo	70	106	176
Renacer	97	48	145
Sarela	104	71	175
TOTAL	271	225	496

II. Información e asesoramento a familias

- **Información e orientación a familias.**

Servizo de información e orientación a familias de persoas con DCA. Primeira instancia da atención á familia, cando establece o contacto coa asociación para buscar información sobre os diferentes e máis axeitados recursos de atención á persoa con dano cerebral. Tamén se realiza

atención sobre trámites, recursos e outras necesidades a persoas que xa están sendo atendidas na asociación. Desenvólvese nas sedes de ADACE, ADACECO, Alento, Renacer e Sarela.

	ATENCIÓN INDIVIDUAL		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
ADACE Lugo	76	92	168
ADACECO	239	337	576
Alento	35	128	163
Renacer	31	16	47
Sarela	17	55	72
TOTAL	398	628	1.026

III. Mantemento da Federación e das entidades federadas

O programa de mantemento inclúe todas as actividades organizadas e desenvolvidas pola Federación, así como o financiamento da súa estrutura. Consta de múltiples actividades realizadas durante todo o ano.

Encontros grupais por colectivos profesionais: logopedas

O obxectivo deste tipo de encontros é dinamizar e impulsar accións, procedementos e boas prácticas entre todas as asociacións federadas. Esta xuntanza estivo, concretamente, dirixida a recoller impresións e propostas a nivel de intervención logopédica para buscar a mellor maneira de artellar un sistema de traballo común en todas as asociacións. Tivo lugar o 6 de novembro na CABES, en Compostela.

Durante a xuntanza debateuse sobre a organización do traballo en cada asociación, recolléronse suxestións para a incorporación de actividades ao Convenio 2016 e expúxose o funcionamento da intranet e as conclusións do proxecto 'Comunícate conTICs' (Obra Social La Caixa 2013-2014).

Encontro anual de Xuntas Directivas

Terceira edición do encontro anual de Xuntas Directivas, celebrado na sede de Alento (Vigo) o 25 de abril. Comezou cunha visita guiada ás instalacións da Asociación de Dano Cerebral de Vigo. Ao finalizar realizouse unha pausa para café, que a Xunta Directiva de FEGADACE aproveitou para reunirse en Asemblea. Ademais de aprobar as contas e memoria de 2014 e a planificación estratéxica de 2015, a xunta directiva deu luz verde a un cambio nun dos seus membros: nomeouse a Fernando Galdo vogal de FEGADACE, en substitución de Elena Salgado.

As xuntas directivas de ADACECO, ADACE Lugo, Alento, Renacer e Sarela volveron sentar xuntas para a segunda sesión de traballo da mañá, na que se realizou unha dinámica DAFO sobre a que se sentan as bases da Planificación Estratéxica 2016-2018. Para pechar o encontro celebrouse un xantar conxunto na mesma sede de Alento.

Respiro familiar

A Federación Galega de Dano Cerebral organizou, na fin de semana do 13 e 14 de novembro, un respiro que levou a 24 persoas usuarias de ADACE, Alento e Renacer ao albergue de ecoturismo Alvarella, en Vilarmaior (Pontedeume).

As tres delegacións foron chegando e ocupando os seus cuartos no albergue na tarde do venres. O grupo de FEGADACE, que chegaba ás 36 persoas contando aos e ás acompañantes, ocupou a totalidade de instalacións de Alvarella (12 cuartos). Ademais de pasar a noite, tamén fixeron todas as comidas no albergue, nun comedor especialmente acomodado para o respiro.

A actividade protagonista da fin de semana foi un obradoiro de estampación de camisetas. Cada asistente levou unha camiseta branca para aprender a facer deseños e estampacións. Tamén fixeron outras actividades, como xogar ás cartas, pasear pola contorna e pola finca de Alvarella, e achegarse a tomar algo ao bar máis próximo. Despois da sobremesa do sábado, os tres grupos fóronse retirando para volver a Lugo, Vigo e Ourense.

O respiro ten un dobre obxectivo: por unha banda é unha actividade de lecer, diversión e socialización para a persoa con dano cerebral e, pola outra, serve de descanso para o cuidador ou cuidadora principal. FEGADACE e as súas asociacións organizan, cando menos, un respiro ao ano.

IV Foro de Familias de Persoas con DCA

Cuarta edición do encontro anual de familias de persoas con dano cerebral adquirido, dedicado ao lema 'Non ao copagamento confiscatorio' en respaldo da campaña do CERMI pola reforma da Lei de Dependencia. Tivo lugar na Facultade de CC. Económicas da Universidade de Santiago de Compostela o 30 de maio. O lema do Foro centrou os contidos da mesa redonda que abriu o encontro, na que participaron a presidenta de FEDACE, Amalia Diéguez, e o presidente da Asociación de Pacientes do CHUS, Fernando Abralles.

Entregouse o III Premio FEGADACE á Fundación Barrié "polo seu labor de apoio ao movemento asociativo do dano cerebral adquirido (...) e á visibilización das asociacións membro de FEGADACE e da discapacidade que representan (...)". O Director Xeral da Fundación Barrié, Javier López, recibiu o galardón de mans do anterior premiado, Miguel Blanco.

Os grupos de traballo ocuparon a maior parte da mañá, antes do acto de clausura, no que a xa ex vogal de FEGADACE Elena Salgado recibiu un agasallo de recoñecemento polo seu labor na Federación. O Foro de Familias pechouse cun xantar na cafetería da facultade.

GRUPOS DE TRABALO		
	TEMA	PERSOAS FACILITADORAS
1	Curatela	Dolores Quintas (Presidenta de Renacer) Beatriz Díaz (Fundación Sálvora) Benito López (IMELGA)

2	Alimentación, saúde e hixiene da persoa con DCA	María Fernández (Nutricionista e voluntaria de ADACECO) Inés Ramos (Directora de ADACECO)
3	Achegamento (Baseado na filosofía da estimulación basal)	Miriam Carpintero (Fisioterapeuta de Alento) Gonzalo Mira (Director de Alento)
4	Manexo de condutas difíciles	Ester Asensio (Psicóloga de Renacer) Noelia Ouro (Psicóloga de Sarela)

Semana de conmemoración do Día do Dano Cerebral e do Día do Ictus

A conmemoración do Día do Dano Cerebral (26 de outubro) e do Día do Ictus (29 de outubro) uniuse nunha soa programación de actividades que ocuparon toda unha semana e se realizaron de xeito coordinado e descentralizado na Coruña, Lugo, Santiago, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A maioría dos actos consistiron en mesas informativas (en total, 12) en hospitais, aínda que tamén as houbo na rúa e en centros comerciais. Especialmente ADACECO e Alento organizaron outras actividades lúdicas e de sensibilización nas súas respectivas cidades. Entre mesas e outras actividades chegouse a 22 actos.

Ademais, desde a Federación estableceuse contacto directo con diversos medios de comunicación buscando colocar en prensa, radio e TV testemuños e información sobre o DCA, e elaborouse un documento de datos sobre a presenza do DCA en Galicia. O resultado foron 67 impactos en diferentes medios.

LUGAR	DÍA	ACTIVIDADE
A Coruña	23	Mesa informativa na Praza de Lugo
	25	Xornada de actividades na Praza de María Pita Mercadiño solidario Actuación da Banda Militar de A Coruña Actividades para toda a familia ('Ponte no meu lugar', boccia e sorpresas para nenos e nenas) Lectura do Manifesto do Día do DCA
		Iluminación en verde da Torre de Hércules, a Fonte de Catro Camiños, o Castelo de Santa Cruz (Oleiros) e o Paraugas do Temple (Cambre)
		26
	27	Mesa informativa no Hospital Abente e Lago
	28	Mesa informativa no Hospital de Oza
	29	Mesa informativa sobre o ictus no CHUAC ¹
	Lugo	26
26		

¹ Aínda que se inclúa no programa completo de conmemoracións, esta actividade en concreto enmárcase no proxecto Ictus, a principal causa do dano cerebral, que financiou a Deputación da Coruña e que conta con apartado propio no punto 4.A.

Santiago de Compostela	29	Mesa informativa sobre o ictus no CHUS ²
Ourense	26	Mesa informativa no Hospital Cristal
		Mesa informativa na Rúa do Paseo
Pontevedra	26	Mesa informativa no Hospital de Montecelo
Vigo	26	Mesa informativa no Hospital Álvaro Cunqueiro
		Visita dun grupo de menores infractores de Arela para coñecer as consecuencias reais dos accidentes de tráfico xunto ás persoas usuarias de Alento Chegada e círculo Terapia canina Obradoiros (boccia, pintura e coiro)
	27	Visita á exposición 'Cores' (traballos da Aula de Pintura de Alento) na Casa da Xuventude Lectura de poemas a cargo de Juan Carlos Martínez (persoa con DCA)
	28	Campaña de sensibilización de FEDACE (entrevistas sobre o DCA realizadas por persoas con esta discapacidade)
	29	Partida de boccia co Club de Petanca (encontro durante o que membros do club de petanca poderán coñecer o xogo paralímpico da boccia)
30	'Alento na Rúa' Obradoiros coas persoas usuarias (pódese ver como se traballa dentro dos obradoiros de Alento): xoiería, téxtil, barro e horta. Obradoiros abertos á participación: boccia, ioga e zumba. Obradoiros con nenos e nenas (as persoas usuarias de Alento ensinan aos nenos e nenas as actividades dos seus obradoiros): coiro, xabóns e pintura.	

Accións de formación para o persoal técnico das entidades federadas

- **Curso 'Introdución ao INN'** (Santiago, 21/05/2015).

Actividade formativa destinada aos equipos técnicos das asociacións da Federación Galega de Dano Cerebral organizada pola consultora Newton Formación e impartida por Carlos Rodríguez, fisioterapeuta e especialista en terapia Bobath.

As siglas INN responden, en inglés, ao concepto Integrating Neurodynamics into Neurorehabilitation (Integración da Neurodinámica na Neurorrehabilitación). Este concepto analiza de maneira novidosa a espasticidade, un trazo moi habitual nas persoas con dano cerebral, para abordar súa intervención.

Contidos: exposición teórica sobre a INN e apartado práctico (demostración de tratamento cun paciente con lesión neurolóxica).

Acudiron tres persoas de Alento e dúas de Sarela (todas mulleres), xunto con outras asistentes convocadas por Newton Formación.

² Ver nota anterior.

- **Curso ‘Disfagia: técnicas de deglución’** (Santiago, 24/10/2015).

A disfagia consiste na dificultade de deglución; é dicir, en ter problemas para pasar os alimentos da boca á farinxe e despois ao esófago. Trátase dunha secuela moi habitual nas persoas con dano cerebral adquirido, especialmente naquelas que teñen esta discapacidade a causa dun ictus. Pode ser orofarínxea (dificultade no paso do alimento da boca e farinxe ao esófago) ou esofáxica (problemas para o paso do alimento a través do esófago).

Moitas das persoas usuarias das asociacións membro de FEGADACE teñen disfagia, o que complica a súa alimentación. Para coñecer as opcións de tratamento e mellorar a alimentación das persoas con esta dificultade, os equipos profesionais de Alento, Renacer e Sarela participaron nun curso sobre Técnicas de deglución na disfagia.

O curso celebrouse na sede de Sarela, en Santiago de Compostela, e contou coa asistencia de 15 persoas de diferentes perfís profesionais implicados na alimentación das persoas con dano cerebral: logopedas, auxiliares de enfermería, cuidadores/as, terapeutas ocupacionais e fisioterapeutas. Foi impartido por unha docente da consultora Forgal.

O programa contou cos seguintes puntos: Aspectos básicos sobre Disfagia en DCA, Métodos Diagnósticos e de Valoración, Outras Vías de alimentación, Adaptación da alimentación e manexo dos trastornos da Deglución en pacientes con DCA, Recomendacións nutricionais en Disfagia, Dietas de Reeduación de la Deglución e Menús específicos para Disfagia.

Accións de formación para o persoal directivo das entidades federadas

Itinerario formativo para os membros das xuntas directivas de FEGADACE e das súas asociacións membro que tivo como obxectivos incrementar a capacidade das persoas participantes para o desenvolvemento das súas funcións directivas e fortalecer a cohesión do movemento asociativo do dano cerebral.

- Sesión de formación 1 (05/09/2015). Aberta a membros das xuntas directivas e a directores/as das asociacións. Participaron 17 persoas. Celebrouse na sede de Sarela (Compostela).
- Sesión de formación 2 (07/11/2015). Asistiron 13 membros das xuntas directivas de FEGADACE e das súas asociacións. Celebrouse na sede de Sarela (Compostela).

O formato da actividade foi de tipo obradoiro, promovendo a interacción entre as persoas participantes, cun desenvolvemento práctico guiado por David Pereiro, da consultora Algalia. Os contidos detallados foron os seguintes: Competencias directivas, Liderado, Traballo en equipo, Intelixencia emocional, Xestión do cambio, Xestión do tempo, Delegación, Xestión de conflitos e outros de interese para a organización e as persoas participantes.

Mantemento e funcionamento da federación

Cobertura dos gastos de persoal, auditoría de contas, dietas do equipo e da Xunta Directiva, xestión contable e asesoría laboral, material de oficina, correos, etc.

B. Fortalecemento institucional

I. Cooperación para a promoción do emprego

Denominación: Programa de cooperación para a promoción do emprego

Organismo: Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Xunta de Galicia

Período: Decembro 2015 – decembro 2016

Importe: 19.575 euros

Solicitados dous perfís profesionais mediante proxecto presentado o 03/08/2015; concedido un deles o 09/12/2015 para 'Apoio administrativo e consolidación da Federación'. O posto está orientado á xestión de proxectos e á captación de fondos. Contratación de Cristina Balagones e incorporación a final do ano.

As súas funcións son o apoio á coordinación na diversificación de fontes de financiamento procurando novas convocatorias públicas, privadas e outros recursos de captación de fondos, especialmente no ámbito da UE; a axuda na posta en marcha do Plan de Captación de Fondos e do II Plan Estratégico (2016-2018), e a elaboración e tradución de informes, memorias, e demais documentos xustificativos e de transparencia.

II. Más Social

Denominación: Programa Más Social

Organismo: Fundación Barrié

Período: Abril – decembro 2015

Importe: Gastos de itinerario formativo e gastos de consultoría cubertos pola Fundación

A coordinadora e o presidente de FEGADACE, Lucía Mendoza e José Balboa, participaron entre abril e outubro no 'Programa formativo para o fortalecemento do Terceiro Sector' da Fundación Barrié. Ademais, a Federación beneficiouse no mesmo período do servizo de consultoría especializada para o deseño dun Plan de Captación de Fondos. Xuntos, os dous servizos compoñen o programa 'Más Social' da Fundación Barrié, ao que FEGADACE se presentou co obxectivo de mellorar a capacitación do persoal directivo e diversificar as súas fontes de financiamento.

A actividade formativa consistiu en seis sesións -nas sedes da Fundación Barrié da Coruña e Vigo- sobre Estratexia e Cambio (impartido por Ignasi Carreras), Xestión de Persoas (por Carlos Cortés), Comunicación e Marketing (por Toni Puig), Captación de Fondos (por Juan Mezo), Xestión de Proxectos (por Agustín de Asís) e Social Venture Academy (por Javier López Martínez).

O labor de asesoría desenvolveuse a través de xuntanzas e contacto directo por teléfono e correo electrónico con persoal de PricewaterhouseCoopers (PwC), a asesoría que colabora coa

Fundación Barrié no desenvolvemento do programa Más Social. Grazas a este asesoramento FEGADACE poderá elaborar, de xeito interno, o seu propio Plan de Captación de Fondos.

III. Especialización en financiamento comunitario

Denominación: Programa de Especialización en Financiamento Comunitario

Organismo: Fundación Galicia Europa

Período: Setembro – decembro 2015

Importe: 700 euros

FEGADACE foi unha das entidades beneficiarias do Programa de especialización en materia de financiamento comunitario que organizou a Fundación Galicia Europa. O obxectivo da Federación foi contribuír a diversificar as súas fontes de financiamento a través da procura de fondos da Unión Europea. os contidos do programa estiveron centrados na formación das persoas participantes a través de dúas actividades:

- Xornadas de formación sobre financiamento comunitario 2014-2020. A coordinadora de FEGADACE, Lucía Mendoza, asistiu a estas xornadas en Bruxelas cunha delegación galega de 20 persoas de entidades locais, do terceiro sector, públicas e privadas. Desenvolvéronse do 21 ao 25 de setembro. O programa incluíu nocións sobre as liñas de traballo postas en marcha na UE, sobre as vías de financiamento existentes no marco comunitario -Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE), H2020, COSME, EaSI, Life, Xustiza, etc.-, e sobre como identificar os programas de financiamento máis axeitados para cada entidade, así como consellos prácticos para presentar solicitudes, ademais de visitas a diferentes institucións europeas (Parlamento Europeo, Parlamentarium, Comité das Rexións, Comité Económico e Social Europeo, Comisión Europea).
- Sesión formativa práctica sobre 'Elaboración e xestión de proxectos europeos' -Santiago de Compostela, 2 de decembro-. Xornada destinada a perfeccionar a capacidade das persoas participantes para a elaboración e xestión de proxectos europeos baseada nas especificidades dese ámbito administrativo. Durante o obradoiro proporcionouse información actualizada sobre requisitos, trámites, guías, formularios e demais cuestións formais, así como orientación para a procura dos recursos máis adaptados ás necesidades de cada entidade.

C. Prevención do DCA

I. Ictus, a principal causa do dano cerebral

Denominación: Ictus, a principal causa do dano cerebral

Organismo: Deputación da Coruña

Período: Xuño – decembro 2015

Importe: 5.212 euros

Proxecto para a sensibilización sobre o ictus e a información sobre os seus síntomas de alarma baseado no reparto de carteis e folletos con información ao respecto desenvolvido entre xuño e decembro.

Durante o mes de outubro tivo lugar o groso de actividades do proxecto. Ademais de rematar o reparto de carteis e folletos, celebráronse dúas presentacións públicas (o día 14 en Santiago – con José Balboa, presidente de FEGADACE, e Eugenia Veloso, traballadora social de Sarela e responsábel da campaña de ictus da asociación- e o día 16 na Coruña –con Luisa Ramírez, vicepresidenta de FEGADACE, e Carmen Fernández, presidenta de ADACECO) e dúas mesas informativas nos hospitais da Coruña e Santiago polo Día do Ictus (29 de outubro). A campaña tamén se desenvolveu, desde o día 14 do mesmo mes, en redes sociais. Permaneceu no aire ata o día 15 de decembro. A continuación realizouse o peche do proxecto, que deixa as seguintes cifras a salientar:

- Editados 600 carteis e 8.000 folletos, distribuídos 593 e 7.671, respectivamente.
- 8 contactos con medios de comunicación, dos que se obtiveron 12 impactos.
- Twitter: 22 retweets, 4.890 impresións (total de veces que foron vistos os tweets) e 86 interaccións (inclúe retweets, gústame, clics e calquera outro xeito de interacción).
- Facebook: 543 impactos (gústame e compartidas) e un alcance de 19.392 (nº de veces que foron vistas as entradas).

D. Formación

I. Obradoiros de coidados e recursos para as persoas con dano cerebral

Denominación: Obradoiros de coidados e recursos para as persoas con dano cerebral

Organismo: Escola Galega de Saúde para Cidadáns. Servizo Galego de Saúde (Sergas). Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia

Período: Outubro – novembro 2015

Importe: 450 euros

Actividade formativa organizada pola Escola Galega de Saúde para Cidadáns a proposta de FEGADACE e coa participación de persoal docente da Federación. Está dirixida a coidadores/as e familiares de persoas con dano cerebral adquirido. Contou con tres ‘Obradoiros de coidados e recursos para as persoas con dano cerebral’ que tiveron lugar en Vigo, Ourense e Lugo. O programa, que compartiron os tres obradoiros, incluíu, por unha banda, formación sobre como mellorar a atención á persoa con DCA (postura, alimentación, nutrición, mobilización, administración de medicación, etc.) e, pola outra, información sobre recursos públicos e privados de utilidade.

- No mes de outubro celebrouse o primeiro. Foi o día 27 en Vigo, na sede de Alento. Estivo impartido pola traballadora social de Alento, Alba Fernández, e pola enfermeira supervisora da EOXI de Vigo, Anabel Paz. Asistiron dez persoas (8 mulleres e 2 homes) das 16 inscritas inicialmente.

- O día 10 de novembro celebrouse o segundo en Ourense, nas instalacións de Aixiña, onde tamén ten a súa sede Renacer. Foi impartido pola traballadora social e directora de ADACE, Iria Abel, e pola enfermeira da EOXI de Ourense Ana María Gómez. Asistiron 23 persoas (7 homes e 16 mulleres).
- O 17 de novembro pechouse o ciclo en Lugo. Iria Abel repetiu como docente, acompañada desta volta por Lourdes Bermello, enfermeira da EOXI de Lugo. Tiveron 8 asistentes.

O total de persoas asistentes a estes obradoiros, incluíndo o primeiro (celebrado en Vigo en outubro) é de 41 persoas.

Nos cursos impartíronse pautas para a hixiene persoal, mobilización e exercicio físico, sobre prevención de úlceras por presión, coidado da pel e cambios posturais, sobre alimentación, nutrición, eliminación e coidados respiratorios, sobre administración de medicamentos e para a prevención de accidentes. Ademais, as persoas asistentes recibiron orientación sobre recursos sociosanitarios para as persoas con DCA.

4. COMUNICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

A. II Torneo de Pádel Solidario

A empresa Aventi Gestión Deportiva, coa axuda de Coruña Sport Centre (CSC) e dunha importante lista de entidades patrocinadoras e colaboradoras, organizou o II Torneo Solidario de Pádel a favor de FEGADACE. O torneo levou por lema 'Pola prevención do dano cerebral adquirido', e xogouse na Coruña nas tardes do 23 e 24 de maio.

Os fondos recadados entregáronse a FEGADACE para seren investidos en campañas de prevención do dano cerebral adquirido. A Federación aproveitou a ocasión para facer promoción dos hábitos de vida saudábeis vinculados ao deporte e da necesidade de precaución durante a práctica de exercicio, co obxectivo de previr, respectivamente, as dúas principais causas do DCA: ictus e traumatismos.

Aventi organizou o torneo, buscou patrocinios e xogadores/as participantes. FEGADACE colaborou na difusión e estivo presente nas dúas xornadas.

B. Dona

FEGADACE desenvolveu unha campaña de microdoazóns online nomeada 'Apoia a prevención do ictus' entre o 22 de xuño e o 20 de xullo de 2015. Esta iniciativa tiña como obxectivo recadar 2.000 euros para poder afrontar os gastos dunha campaña de prevención do ictus centrada en informar sobre os seus síntomas de alarma, e empregou como plataforma de referencia a pasarela de pagamento da páxina web da Federación. Os obxectivos de 'Dona' foron, ademais da recadación económica, popularizar a existencia do apartado de doazóns na web e ensaiar o desenvolvemento dunha campaña de crowdfunding por medios propios da Federación.

‘Apoia a prevención do ictus’ finalizou sen conseguir o seu obxectivo completo. FEGADACE uniu a recadación efectiva a outro proxecto de prevención do ictus cofinanciado pola Deputación da Coruña (Ictus, a principal causa do dano cerebral³).

C. Giving Tuesday

A Federación Galega de Dano Cerebral uniuse á celebración mundial do Giving Tuesday (“o martes de dar”) coa iniciativa ‘Apoia a prevención do ictus’. Giving Tuesday é un movemento global que quere incentivar e multiplicar as boas accións das persoas. Sinálase un día e convócase a todo o mundo a dar. Pode ser diñeiro, tempo (a través do voluntariado), obxectos usados, alimentos... A xornada mundial de doazóns foi o 1 de decembro, pero non se obtivo ningunha recadación.

A participación en Giving Tuesday materializouse a través da introdución dun perfil do proxecto na propia páxina, máis outro adicional na web de crowdfunding Mi grano de arena.

D. Medios de comunicación

FEGADACE realiza un esforzo sistemático de transmisión ao público xeral de todas as súas actividades e programas. Desenvólvese traballo de sensibilización sobre o dano cerebral adquirido tanto para dar a coñecer esta causa como para sensibilizar sobre a súa prevención. A Federación desenvolve accións directas de comunicación, nas que se converte en emisora primaria de información, e accións indirectas, a través dos medios de comunicación -tanto xeralistas como temáticos-.

A Federación Galega de Dano Cerebral é fonte de referencia para os medios de comunicación á hora de facer consultas sobre o DCA e/ou a discapacidade. Tamén emite regularmente convocatorias e comunicados a xornalistas.

Os medios de comunicación reciben habitualmente convocatorias e notas de prensa de FEGADACE, que se remiten cada vez que a Federación ou as súas asociacións organizan unha actividade pública ou desexan trasladar ao público novidades, reivindicacións, ou calquera outra cuestión. Ademais, o gabinete de comunicación de FEGADACE recibe habitualmente consultas dos medios de comunicación que van desde a solicitude de entrevistas á petición de orientación para o tratamento de temas relacionados co DCA e coa discapacidade en xeral.

TEMA	NOTAS DE PRENSA	IMPACTOS
Comparecencia no Parlamento de Galicia	2	13
III Premio FEGADACE	1	3
Torneo de Pádel Solidario	2	10
IV Foro de Familias	4	13
Campaña de microdoazóns ‘Dona’	1	3

³ Máis información no apartado 4.A.

Sinatura convenio coa SGN	3	7
Mesa de sinaturas ILP CERMI	1	6
Presentación 'Ictus, a principal causa do DCA'	5	12
Actividades Día do DCA e Día do Ictus	3	67
Reunión co Conselleiro de Política Social	1	8
Encontro polo DCA de FEDACE	2	5
TOTAL	25	147

As principais actividades a nivel de repercusión en medios de comunicación son o Foro de Familias (xunto coa concesión do Premio FEGADACE, que se enmarca na campaña de difusión do encontro anual) –en total, 16 impactos- e a semana de actividades polo Día do Dano Cerebral e o Día do Ictus –que recibiu 67 impactos en medios-.

Ademais das chamadas do programa da Radio Galega 'Convivir en Igualdade', no que membros de FEGADACE interveñen con asiduidade, a Federación reforzou a súa relación coa prensa diaria, consolidando os contactos con La Voz de Galicia e establecendo novas alianzas con El Progreso, Faro de Vigo e La Opinión de A Coruña. Especialmente este último medio prestou moita atención ás actividades polo Día do Dano Cerebral e Día do Ictus, publicando unha ampla reportaxe con entrevistas a membros de ADACECO. Ademais, parte dos seus contidos foron compartidos con Faro de Vigo, medio da mesma editorial.

No apartado audiovisual, TVE, TVG, Santiago TV e Telemiño estiveron pendentes das actividades polo 26 de outubro, facéndolles un oco en informativos, pero tamén grazas a entrevistas nas que xuntas directivas e profesionais puideron aportar a súa visión e impresións sobre a conmemoración e sobre o DCA.

Moitos dos envíos de notas de prensa van acompañados de chamadas telefónicas e/ou contactos directos por e-mail con xornalistas cos que existe un contacto previo, algo que contribúe notablemente a posicionar os temas na axenda dos medios.

Ademais, FEGADACE participa activamente no Grupo de Comunicación de EAPN Galicia, colaborando, tamén, coa campaña pola X Solidaria. Ademais de colaborar na organización xeral da campaña, desde as asociacións galegas colocáronse dous testemuños de traballadoras de Sarela que protagonizaron a campaña estatal en forma de banners.

Complementando as redes propias, cada mes envíase un resumo das principais noticias e actividades de FEGADACE e das súas asociacións á Federación Española de Dano Cerebral. Dos 12 envíos de 2015, obtivéronse 8 impactos na páxina web e no boletín 'Compartir'.

E. Presenza en internet

I. Páxina web

A páxina web foi publicada a finais de febreiro de 2015. As visitas correspondentes aos dous primeiros meses do ano son as causadas polos traballos de preparación, tanto a nivel de programación como de dotación de contidos.

Usuarios/as *cada persoa diferente que visita a web	4.752
Nº de páxinas vistas	21.782
Páxinas vistas por sesión	3,05
Duración media da sesión	4min 18seg
Porcentaxe de rebote *usuarios/as que volven á web	67,77%
Porcentaxe de novas sesións *usuarios/as novos/as	66,41%
Nº noticias publicadas	143

Sesións *visitas á páxina web												
XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	TOT
230	246	666	439	1.075	1.037	1.173	323	403	418	658	477	7.145

II. Boletín ‘Actualidade do DCA’

Unha das ferramentas de maior importancia da páxina web é o envío de boletíns. Polo momento FEGADACE iniciou a publicación do boletín ‘Actualidade do DCA’, que se envía con periodicidade quincenal a todas aquelas persoas que se inscriben cun enderezo de correo electrónico a través da web. O envío do boletín realízase os luns e inclúe un resumo das actividades de FEGADACE, e as súas asociacións, así como todas as novidades do dano cerebral.

O primeiro boletín enviouse o 28 de setembro, e ata fin de ano publicáronse un total de sete edicións e 47 persoas subscritas. ‘Actualidade do DCA’ conta con apartado propio na páxina web que se pode atopar na seguinte ruta: <http://www.fegadace.org/fegadace/sala-de-prensa/boletin-actualidade-dca>.

III. Redes sociais

Facebook

O total de seguidores/as en Facebook, incluíndo os perfís –Fegadace e Fegadace Galicia-, é de 4.993. En 2015 incrementáronse 499 seguidores.

- Fegadace.

Trátase do perfil corporativo da Federación, activo sen modificacións (máis que as propias actualizacións) desde 2012. En 2015 obtivo un total de 176 novos/as seguidores/as [1.405 (31/12/2015) – 1.229 (01/01/2015)].

A táboa disponibiliza o dato de gústame totais (a cifra total de seguidores/as), clics e compartidas (o número total de interaccións coas entradas publicadas; desde “gústames” a compartidas ou comentarios) e alcance total (cifra total de persoas que leron unha entrada, aínda que non interactuaran con ela).

	Gústame totais	Clics e compartidas	Alcance total
--	----------------	---------------------	---------------

Xaneiro	1.256	601	16.302
Febreiro	1.285	818	11.990
Marzo	1.303	752	19.170
Abril	1.315	661	16.682
Maio	1.330	623	16.094
Xuño	1.339	942	23.866
Xullo	1.347	584	18.887
Agosto	1.351	28	812
Setembro	1.372	280	6.600
Outubro	1.403	678	12.868
Novembro	1.416	512	9.390
Decembro	1.405	268	5.516
Total	1.405	6.747	158.177

- Fegadace Galicia.

Este perfil é o resultado da conversión do perfil persoal “Fegadace Federación Galega de Dano Cerebral” unha vez foi detectado por Facebook o seu uso corporativo. Non hai estatísticas de xaneiro a agosto porque só as páxinas corporativas dispoñen deste servizo. Si existe a cifra de contactos, que de xaneiro a agosto foron “amigos/as” e desde este último mes pasaron a ser, automaticamente, “seguidores/as”.

Como a conversión é automática, pódese dicir que este perfil incrementou os seus seguidores en 323 –pasaron de 3.265 amigos/as (01/01/2015) a 3.588 seguidores/as (31/12/2015).

	Amigos/as / Gústame totais	Clics e compartidas	Alcance total
Xaneiro	3.337		
Febreiro	3.374		
Marzo	3.457		
Abril	3.477		
Maio	3.544		
Xuño	3.594		
Xullo	3.647		
Agosto	3.673		
Setembro	3.666	341 ⁴	9.588
Outubro	3.672	725	17.167
Novembro	3.631	326	6.867
Decembro	3.588	290	8.288
Total	3.588	1.682	41.910

⁴ Ao tratarse do mes no que se produciu a conversión de perfil persoal a páxina corporativa, o día do cambio o motor de Facebook contabiliza como interaccións as conversións automáticas de “amigos/as” en “seguidores/as”. Nesta conta están restadas por non se tratar de interaccións orgánicas (realizadas por unha persoa usuaria de Facebook conscientemente). A cifra total de interaccións sería de 3.896.

Twitter

O perfil de FEGADACE en Twitter gañou 305 seguidores/as durante o ano, superando as 100.000 impresións (esta cifra recolle o número de veces que foi visto un tweet).

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL
Tweets publicados	43	77	86	65	72	85	82
Impresións	7.102	10.400	9.703	7.015	8.428	15.700	9.665
Visitas ao perfil	218	292	341	225	297	242	191
Mencións	12	13	22	12	28	21	18
Novos seguidores	27	32	35	32	25	17	17
Seguidores (total)	1.452	1.484	1.521	1.537	1.575	1.572	1.588
Seguindo (total)	1.333	1.333	1.336	1.336	1.337	1.337	1.337
Tweets (nº total)	5.405	5.491	5.695	5.761	5.939	6.023	6.139

	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	TOTAL
Tweets publicados	0	77	99	66	53	805
Impresións	2.554	9.208	11.600	8.870	6.285	106.530
Visitas ao perfil	34	362	343	290	210	3.045
Mencións	1	16	33	14	3	193
Novos seguidores	3	23	36	42	16	305
Seguidores (total)	1.598	1.606	1.642	1.667	1.683	1.683
Seguindo (total)	1.374	1.337	1.340	1.342	1.343	1.343
Tweets (nº total)	6.196	6.269	6.437	6.569	6.622	6.622

Youtube

A canle de FEGADACE en Youtube ten un carácter secundario, servindo apenas de repositorio dos vídeos que a Federación foi editando. En 2015 só se publicou un, que recolle unha entrevista en profundidade á coordinadora de FEGADACE, Lucía Mendoza, en Santiago TV.

	Xan. – Dez. 2015	Total
Publicacións	1	7
Visualizacións	426	2.083
Minutos de visualización	620	3.730
Duración media das visualizacións	1:27	1:27
Gústame	1	20
Vídeos compartidos	2	9

LinkedIn

A recollida de datos de seguimento do perfil de FEGADACE en LinkedIn comezou en marzo. Así, os datos agregados que se presentan son os que van de marzo a novembro, ambos incluídos.

Impresións (visualizacións únicas)	17.357
Participación (recomendacións, comentarios, compartidas...)	90
Seguidores	79
Visualizacións da páxina	221

Blog FEGADACE

Desde a publicación da páxina web o blog *fegadace.wordpress.com* deixou de ser actualizado. Xa que fora creado para substituír temporalmente a carencia de páxina, unha vez que a Federación estreou a súa nova web o blog serve simplemente de arquivo informativo dos dous anos anteriores. Retomárase a comezos de 2016, cun novo enfoque.

Visitas												
XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	TOT
514	471	242	232	227	149	169	61	153	231	198	72	2.719

Noticias												
XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	TOT
6	8	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	15

Blog Envellecer con DCA

Este blog tamén reduciu en boa medida o seu nivel de actualizacións, dada a existencia de outras prioridades comunicativas. Retomárase a comezos de 2016 coa mesma periodicidade anterior.

Visitas												
XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	TOT
61	57	18	42	28	124	70	5	21	15	16	73	530


Noticias												
XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	TOT
2	1	1	1	0	3	2	0	0	0	0	2	12

Outras redes


FEGADACE conta con outras redes sociais que emprega de maneira moi secundaria ou que, directamente, deixaron de ser pertinentes para a Federación. En 2015 pecháronse os perfís de FEGADACE en Instagram e Pinterest. Mantense, iso si, o de Google+ (por cuestións de posicionamento, non pola propia utilidade desta rede social).

5. RENDICIÓN DE CONTAS

A. Informe de Gastos



B. Informe de ingresos e relación de cobros 2015-2016



C. Conta de resultados

	Nota	2015	2014
A) Operaciones Continuadas			
1. Ingresos de la actividad propia		192.994,42	193.617,53
a) Cuotas de asociados y afiliados		7.200,00	7.200,00
b) Aportaciones de usuarios		365,00	18,00
d) Subvenciones imputadas al excedente del ejercicio		185.429,42	186.399,53
2. Ventas y otros ingresos de la actividad mercantil		450,00	3.658,20
3. Gastos por ayudas y otros		-3.777,38	-7.193,76
a) Ayudas monetarias		-1.605,10	-1.607,47
b) Ayudas no monetarias			-3.085,97
c) Gastos por colaboraciones y del órgano de gobierno		-2.172,28	-2.430,17
d) Reintegro de subvenciones, donaciones y legados			-70,15
7. Otros ingresos de la actividad		400,00	
8. Gastos de personal		-58.492,33	-60.954,75
a) Sueldos, salarios y asimilados		-45.082,28	-46.500,27
b) Cargas sociales		-13.410,05	-14.454,48
9. Otros gastos de la actividad		-135.333,45	-140.175,59
a) Servicios exteriores		-135.325,98	-140.157,79
b) Tributos		-7,47	-17,71
d) Otros gastos de gestión corriente			-0,09
10. Amortización del inmovilizado		-401,46	-409,40
11. Subvenciones, donaciones y legados de capital traspasados al excedente del ejercicio			9.087,97
b) Donaciones y legados de capital traspasados al excedente del ejercicio			9.087,97
A.1) EXCEDENTE DE LA ACTIVIDAD (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)		-4.160,20	-2.369,80
15. Gastos financieros		-6,02	-6,60
b) Por deudas con terceros		-6,02	-6,60
A.2) EXCEDENTE DE LAS OPERACIONES FINANCIERAS (14+15+16+17+18)		-6,02	-6,60
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)		-4.166,22	-2.376,40
A.4) EXCEDENTE DEL EJERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIONES CONTINUADAS (A.3+19)		-4.166,22	-2.376,40
B) Operaciones Interrumpidas			
A.5) Variación de patrimonio neto reconocida en el excedente del ejercicio (A.4+20)		-4.166,22	-2.376,40
C) Ingresos y Gastos imputados directamente al patrimonio neto			
D) Reclasificaciones al Excedente del ejercicio			
E) Variaciones de Patrimonio Neto por ingresos y gastos imputados directamente al patrimonio neto (C.1+D.1)			
F) Ajustes por cambios de criterio			
G) Ajustes por errores			
H) Variaciones en la Dotación Fundacional o fondo social			
I) Otras variaciones			
J) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DEL PATRIMONIO NETO EN EL EJERCICIO (A.5+E+F+G+H+I)		-4.166,22	-2.376,40

D. Balance de situación

ACTIVO	Nota	2015	2014
A) ACTIVO NO CORRIENTE		180,65	582,11
I. Inmovilizado intangible			326,71
5. Aplicaciones informáticas			326,71
III. Inmovilizado material		180,65	255,40
2. Instalaciones técnicas y otro inmovilizado material		180,65	255,40
B) ACTIVO CORRIENTE		60.241,52	50.199,10
III. Usuarios y otros deudores de la actividad propia			1.752,00
IV. Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar		25.026,99	47.612,65
3. Deudores varios		240,00	240,00
6. Otros créditos con las administraciones públicas		24.786,99	47.372,65
VII. Periodificaciones a corto plazo		28,78	558,98
VIII. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes		35.185,75	275,47
1. Tesorería		35.185,75	275,47
TOTAL ACTIVO (A + B)		60.422,17	50.781,21
PASIVO	Nota	2015	2014
A) PATRIMONIO NETO		28.611,05	44.042,98
A-1) Fondos propios		28.611,05	32.981,22
II. Reservas		-133,81	70,14
2. Otras reservas		-133,81	70,14
III. Excedentes de ejercicios anteriores		32.911,08	35.287,48
1. Remanente		35.287,48	35.287,48
2. (Excedentes negativos de ejercicios anteriores)		-2.376,40	
IV. Excedente del ejercicio		-4.166,22	-2.376,40
A-3) Subvenciones, donaciones y legados recibidos			11.061,76
I. Subvenciones			11.061,76
B) PASIVO NO CORRIENTE			
C) PASIVO CORRIENTE		31.811,12	6.738,23
III. Deudas a corto plazo		25.700,49	485,38
2. Deudas con entidades de crédito		6.229,57	485,38
5. Otros pasivos financieros		19.470,92	
VI. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar		6.110,63	6.252,85
3. Acreedores varios		1.858,72	1.800,00
4. Personal (remuneraciones pendientes de pago)		1.631,90	1.552,66
6. Otras deudas con las administraciones públicas		2.620,01	2.900,19
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)		60.422,17	50.781,21